


# I OBRADOIRO DE EMPRENDEMENTO “DESTINO COUREL”



galicia

 Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA



# ÍNDICE

## 1. INTRODUCCIÓN

## 2. DESTINO COUREL

## 3. PROXECTO

### 1. OBXECTIVOS

### 2. PÚBLICO

### 3. PROGRAMA DO OBRADOIRO

### 4. DESENVOLVEMENTO DO OBRADOIRO

### 5. FACILITADORES

### 6. FICHA TÉCNICA DO OBRADOIRO



1

# INTRODUCCIÓN



# 1. INTRODUCCIÓN

Co obxectivo de crear, mellorar e consolidar diferentes proxectos e negocios sustentables no Destino Courel de Lugo, o cal supón unha nova aposta por parte dos **Concellos de Folgoso do Courel, Samos, Triacastela e O Incio** por poñer en valor o talento e os recursos presentes no destino; o día **24 de novembro de 2021** celebrarase a **I Obradoiro de Emprendemento “Destino Courel”** sobre o mundo da castaña e da mel para profesionais ou futuros profesionais do territorio.

A situación que atravesamos como consecuencia do Covid-19 fai necesario adaptarse a unha nova realidade e unha mobilización de todos os axentes do territorio na procura dunha resposta común que permita optimizar os recursos, presentando ao Destino Courel como destino seguro, competitivo e sostible.

Para acadar tal fin, será necesario contar coa participación de todas aquelas persoas que estean interesadas en comezar a súa andaina nun oficio ou proxecto relacionado coa castaña e o mel a través do emprendemento, sen esquecer todos aqueles profesionais que queiran desenvolver ou mellorar o seus actuais modelos de negocio ou actividades profesionais neste sector en particular.

Tomando como punto de partida o traballo realizado ata o momento polo Destino Courel, así como o desenvolvido polos concellos que forman parte do mesmo, levarase a cabo unha sesión para impulsar o emprendemento no territorio. Programarase un modelo de encontro aberto no que se fomentará a participación dos profesionais ou futuros profesionais interesados, ampliando a súa formación e coñecementos especializados, aportando solucións, presentando casos de éxito,

resolvendo dúbidas, optimizando a súa actividade, atendendo as súas suxestións e recomendacións; co fin último de mellorar a oferta de negocios e proxectos emprendedores sustentable á vez que se explotan os produtos estrela da zona, pero sen esquecer a importancia de xerar un ecosistema colaborativo no destino. Courel.



# 1. INTRODUCCIÓN

Un dos fundamentos básicos do emprendemento local radica no nivel de desenvolvemento do contorno, onde o emprendedor pretende executar a súa actividade. Factores como a súa paisaxe, os seus recursos, cultura, formación e incluso o financiamento ou o apoio dispoñible por parte das entidades públicas dun lugar son fundamentais na toma de decisións, os valores adquiridos, a traxectoria e o éxito dunha actividade empresarial no mesmo.

As iniciativas a nivel de Xeodestino e a aposta por proxectos diferenciadores son vitais para poñer en valor o talento presente no territorio. Tratándose nun primeiro lugar de proxectos sustentables desde o punto de vista ambiental e económico.

Baixo esta premisa básica, e nesta aposta do destino polo talento e os proxectos sustentables, ofrécese a todos aqueles futuros emprendedores, profesionais e produtores locais do Courel, O Incio, Triacastela e Samos, ampliar a súa formación a través do desenvolvemento dun obradoiro de emprendemento Destino Courel sobre o mundo da castaña e o mel.

Entre os tipos de negocio aos que vai dirixido este tipo de formación encóntranse negocios de restauración, obradoiros de pastelería e confeituras, produtores de experiencias turísticas, produtores de mel, artesáns, comerciantes, etc.

Por iso o **I Obradoiro de Emprendemento “Destino Courel”** será un punto de encontro entre todos estes profesionais no que compartir inquietudes, abordar

novos retos, ofrecer solucións, analizar casos de éxito e achegar ferramentas necesarias para aproveitar as oportunidades do contorno local mediante o emprendemento e a xestión do recursos gastronómicos locais.



2

**DESTINO COUREL**



## 2. DESTINO COUREL



“Destino Courel” é unha iniciativa creada pola asociación **GDR Ribeira-Sacra Courel** que se definiu en 2020 como a marca do xeodestino O Courel, que abarca catro concellos da zona.

Con case un ano de andaina, no xeodestino xa se fixeron numerosas iniciativas, sobre todo centradas na creación e consolidación de produto turístico a través das novas tecnoloxías:

- Fíxose unha diagnose territorial completa do xeodestino incluíndo os apartados: demográfico, territorial, económico, turístico e un DAFO ao completo, que se valoraron as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do destino; destacando neste apartado a vantaxe na creación de novos produtos turísticos para a reconversión dos destinos e o seu aliñamento co Plan Estratéxico tanto de Turismo como do Xacobeo 21-22.
- Creouse o portal web [www.destinocourel.org](http://www.destinocourel.org) onde se recompilou toda a información da diagnose nunha plataforma online comprensiva onde se dispón da información turística do destino.
- O Destino Courel tamén traballou nun proxecto de Plan de Sustentabilidade que foi presentado a unha candidatura de axudas europeas.
- Organizouse unha xornada de “Actividades Agroalimentarias Experienciales” para promoverlas como un novo modelo de aproveitamento e optimización dos recursos que se atopan no xeodestino. A xornada compúxose de sesións formativas, análise de casos de éxito e unha actividade de teamcooking.

O **I Obradoiro de Emprendemento “Destino Courel”** supón unha nova aposta por parte dos Concellos de Folgoso do Courel, Samos, Triacastela e O Incio por poñer en valor o talento e os recursos presentes no Destino Courel.



## 2. DESTINO COUREL

O **Courel** é unha serra cunha extensión de 21.020 hectáreas que, ademais de ser xeoloxicamente a máis completa das serras galegas, é un dos territorios máis antigos da península.

As súas montañas constitúen o primeiro e único Xeoparque en Galicia, declarado Xeoparque Mundial da UNESCO desde abril de 2019. Están situadas no sueste da provincia de Lugo e comprenden os municipios galegos de Ribas de Sil, Quiroga e Folgoso do Courel.

A Serra esténdese desde Quiroga ata Pedrafita do Cebreiro. Pola comarca fórmanse profundos vales con diversos ecosistemas, que limitan coa provincia de León, facendo dela unha das zonas con máis biodiversidade de Galicia.

Coñecer as rocas do seu rico patrimonio xeolóxico é viaxar aos antigos océanos paleozoicos onde comezou a desenvolverse a vida, cuxos restos fósiles inclúen arqueociatos, trilobites, cefalópodos e crinoideos. A súa gran paisaxe varía ao longo de todo o ano, dende o permanente verde de pinos e acevos, ata os outonais amarelos e vermellos dos castaños e carballos. É o hábitat de importantes especies de animais endémicos como bolboretas, xabarís, corzos ou o oso pardo, quen compartiu no pasado as covas co oso das cavernas. A convivencia foi posible gracias ás máis de 220 alvarizas que hai na zona, que protexían no seu interior as colmeas do rico mel do Courel.

Xeodestino Courel representa a unión de catro concellos a través dun novo destino turístico e competitivo; Folgoso do Courel, O Incio, Samos e Triacastela, polo cal pasa o camiño francés. Para o deseño da xornada experiencial tómase como punto de partida o estudo do ano pasado nos diferentes concellos, nos cales se levou a cabo un gran traballo de investigación e posta en valor dos distintos produtos turísticos.

O seu obxectivo, ademais de abarcar a unión dos catro concellos citados, pretende moito máis ca iso, fortalecer e empoderar a imaxe dos empresarios e do entorno; crear neste destino, un punto de referencia turístico; fomentar o desenvolvemento sostible, etc.






## 2. DESTINO COUREL

A riqueza da gastronomía do Courel, baséase principalmente nos alimentos máis característicos da zona como as **castañas** e o **mel**, que serán o foco central do / *Obradoiro de Emprendemento "Destino Courel"*.

Xusto agora no outono, estase a vivir a época da **castaña**, un dos manxares que manan da súa terra. Antigamente, era un produto protagonista nos pratos principais, incluso eran utilizadas para substituír ás patacas ou ao pan en épocas de máis pobreza. Existen variedade de pratos ou receitas que normalmente se coñecen gracias ás festas gastronómicas realizadas na zona ou á iniciativa dalgún restaurante (castañas crúas, confeitadas, compañeiras en salsas, tartas...). Sen embargo, unha das tradicións máis clásicas é a das castañas asadas, coa chegada dos magostos, a xente reúnese ao redor da fogueira mentres estas se fan. Sen dúbida, este produto marca a paisaxe do Courel, abundante en castaños, árbore que ademais de embelecer, protexe e mellora o ecosistema.

Outro dos grandes produtos típicos é o **mel**, que ao igual que a castaña, pode incluírse en diferentes receitas, así como, acompañamento, edulcorante, etc. Entre todos os que se producen na serra, destaca o mel de castaño, escuro, de sabor intenso e cun forte aroma a flor ou de breixo, cun ton avermellado e sabor amargo, máis típico en zonas con matogueiras. Moitas das colmeas, encóntranse en alvarizas, que son construcións circulares de pedra onde se gardan as colmeas; foron construídas para protexer o mel dos osos pardos e repartidas por ladeiras e zonas angostas.



3

PROXECTO

# 3. PROXECTO

## 3.1. OBXECTIVOS

A celebración do **I Obradoiro de Emprendemento “Destino Courel”**, dirixido a profesionais e futuros profesionais do territorio, buscará acadar os seguintes obxectivos:

1. Presentar as novas tendencias do sector, facendo especial fincapé na cultura emprendedora como solución para optimizar e rendibilizar as súas actividades.
2. Dotar aos participantes dos conceptos e coñecementos básicos e claves de éxito en materia de emprendemento sustentable e innovación.
3. Presentar aos participantes o potencial dos recursos gastronómicos do Destino Courel e as súas oportunidades de negocio.
4. Motivar a participación a partir da presentación e análise de casos de éxito en territorios e realidades similares.
5. Proporcionar as ferramentas necesarias para o desenvolvemento de proxectos locais sustentables.
6. Promover a creación dun ecosistema colaborativo entre o sector público e os profesionais do territorio.





# 3. PROXECTO

## 3.2. PÚBLICO

A programación do obradoiro está dirixida tanto a futuros profesionais que queiran comezar a súa andaina a través do emprendemento como a todos eses profesionais, que no desenvolvemento dos seus oficios vexan na castaña e o mel unha oportunidade de negocio, para que ambos participen de maneira activa na construción dunha nova realidade turística do territorio. Deste xeito podemos identificar os seguintes públicos:




**PRODUTORES  
DE MEL**



**PRODUTORES  
DA CASTAÑA**



**NEGOCIOS DE  
RESTAURACIÓN**



**OBRAOIRO DE  
PASTELERÍA E CONFEITURAS**



**COMERCIANTE**



**ARTESÁNS**



**PRODUTORES DE  
EXPERIENCIAS TURÍSTICAS**



**ASOCIACIÓN**



**OUTROS POTENCIAIS  
NEGOCIOS**



**FUTUROS EMPREENDEDORES**

# 3. PROXECTO

## 3.3. PROGRAMA DO OBRADOIRO



A xornada levarase a cabo de maneira presencial, en horario de tarde, sempre atendendo ás necesidades dos profesionais do territorio.

16:00 - 16:15 h.	Benvida e introdución ao workshop
16:15 - 16:45 h.	Cultura emprendedora: dos 0 aos 100 anos
16:45 - 17:15 h.	Como podo rentabilizar o meu negocio ou o meu territorio?
17:15 - 18:00 h.	Vídeos de inspiración e análise de casos de éxito
18:00 - 18:30 h.	PAUSA CAFÉ & NETWORKING
18:30 - 19:00 h.	Oportunidades no Destino Courel
19:00 - 19:30 h.	Emprender coa castaña e o mel, unha visión diferenciadora!
19:30 - 20:15 h.	Dinámica do descubrimento
20:15 - 20:30 h.	Recapitulación e Clausura

# 3. PROXECTO

## 3.4. DESENVOLVEMENTO DO OBRADOIRO

### Como se desenvolverá a xornada ?

- **Benvida e introdución ao workshop.**

Introdución na que se presentará aos asistentes o proxecto Destino Courel e o *Obradoiro de Empredemento "Destino Courel"*; analizando a súa filosofía, os beneficios que terá no territorio e o importante papel que teñen que desempeñar os profesionais do mesmo.

- **Cultura emprendedora: dos 0 aos 100 anos.**

Un experto en emprendemento amosará aos asistentes as tendencias actuais deste sector, facendo fincapé no seu potencial. Os asistentes coñecerán as súas bases, ademais das vantaxes e posibilidades de emprender, nas que se valoren de forma segura, competitiva e sostible os produtos e recursos do territorio.

- **Como podo rendibilizar o meu negocio ou o meu territorio?**

O obxectivo deste apartado é dotar aos emprendedores dunha nova visión e dos coñecementos e habilidades necesarios para desenvolver e rendibilizar os seus negocios. Un profesional do sector amosará aos asistentes temáticas como mentalidade emprendedora, traballo en rede, financiación... dotándolles desta forma das ferramentas necesarias para xestionar o seu propio negocio de maneira eficaz, eficiente e rendible á vez que aportan valor ao seu propio territorio.

- **Vídeos de inspiración - Análise de casos de éxito: proxectos de emprendemento sustentables para a potencialización de produtos locais no destino.**

Se ofrecerán aos participantes diferentes casos reais de éxito en relación co emprendemento e o desenvolvemento local sustentable en territorios e realidades semellantes; que contribuirá a motivar a estes profesionais mostrándolles os beneficios que a potencialización de produtos locais pode aportar aos seus negocios, á comunidade e ao propio territorio.

### **-PAUSA CAFÉ & NETWORKING-**

Nesta pausa café, os asistentes terán a oportunidade de interactuar cos relatores, responder preguntas, establecer contactos profesionais e xerar posibles sinerxías.

- **Oportunidades no Destino Courel**

Esta charla pretende dar a coñecer aos asistentes as oportunidades de negocio e de vida que ofrece o Destino Courel, un gran valor que o territorio reflicte a través dos seus recursos, das súas entidades, dos seus profesionais ou servizos recursos e sobre todo a través dos cidadáns co conforman.



# 3. PROXECTO

## 3.4. DESENVOLVEMENTO DO OBRADOIRO

- **Emprender coa castaña e o mel, unha visión diferenciadora**

O Destino Courel ofrece diversas oportunidades en materia de emprendemento grazas aos seus produtos estrela, a castaña e o mel. A través da implicación dos profesionais do territorio é posible optimizar a súa oferta e dinamizar o destino local.

- **Dinámica do descubrimento**

Dinámicas de traballo nas cales os asistentes, coa participación dos relatores e a organización da xornada, aproveitarán os recursos de cada contorna para idear, comprender e comprender todas as posibilidades de desenvolvemento das dúas actividades.

**-RECAPITULACIÓN E CLAUSURA-**



# 3. PROXECTO

## 3.5. FACILITADORES

### PRESENTÁMOSVOS AO EQUIPO!



**ANTONIO ARMESTO**  
Consultor e Emprendedor



Máster en Dirección e Administración de Empresas. Máis de 25 anos de experiencia no sector empresarial. Formador, asesor e avaliador SICTED. Experto en Animarketing e emprendemento.



**BELÉN ENCABO**  
Product Manager



Graduada en Turismo, Publicidade e Relacións Públicas. Máster en Evaluación e Xestión do Patrimonio Cultural. Guía Turístico Oficial de Galicia. Coordinadora do Congreso Nacional de Turismo Experiencial.



**BERTA RAMOS**  
Xerente e Emprendedora



Licenciada en Filoloxía Inglesa, Postgrado en Xestión e Dirección de PEMES e Cooperativas. Máis de 20 anos de experiencia no sector da organización de eventos e da dinamización económica e comercial. Ponente, formadora e emprendedora.



**NOEMÍ GARCÍA**  
Enxeñeira forestal e emprendedora



Enxeñeira de Montes e Enxeñeira Técnica Agrícola, coa especialidade de Mecanización Agraria e Construcións Rurais.



**SABELA REY**  
Internationalization Manager



Graduada en Filoloxía Inglesa, Máster de Educación en Tecnoloxías da Información e Comunicación, Grao de Deseño e Creacións Dixitais. Técnico en Comercio Internacional. Consultora e formadora.

# 3. PROXECTO

## 3.6. FICHA TÉCNICA DO OBRADOIRO

### I OBRADOIRO DE EMPRENDEMENTO “DESTINO COUREL”

**Tipoloxía:** obradoiro de emprendemento local sustentable.

**Modalidade:** presencial

**Ámbito xeográfico:** autonómico

**Lugar:** Triacastela [Centro Social Fonte do Lunar]

**Data:** 24 de novembro de 2021

**Horario:** 16:00 a 20:30 h

**Duración:** 4 horas e 30 minutos

**Volume de reunión:** 20 participantes

**Área de coñecemento:** desenvolvemento e emprendemento local

**Inscripcións:** [www.destinocourel.org](http://www.destinocourel.org)





GRAZAS  
POLA  
CONFIANZA



#DESTINOCUREL

